



Concello de Vilariño de Conso

BASES QUE REXERÁN O PROCESO DE SELECCIÓN DE PERSOAL DE ATENCIÓN PARA O PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA (P.A.I.) DO CONCELLO DE VILARIÑO DE CONSO

PRIMEIRA.- Obxecto da convocatoria.

1. O obxecto das presentes bases é regular a contratación por este concello dos seguintes traballadores:
 - 1 traballador/a como persoal de atención á infancia no PAI (a xornada completa)
2. O contrato que se subscribirá é o que regula o artigo 15.1.a) do Estatuto dos traballadores, aprobado por RD-lexislativo 1/1995, do 24 de marzo.
3. O sistema de selección é o de oposición.

SEGUNDA.- Bases específicas.

1. Número de prazas: 1
2. Denominación: persoal de atención á infancia (1)
3. Duración: ata fin de curso escolar 2017/2018.
4. Contrato laboral a formalizar: obra ou servizo determinado
 - Xornada laboral: completa, de luns a venres, de 8:30 a 16:00 horas.
5. Salario bruto mensual:
 - Persoal de atención á infancia, 1.168,13 € (incluídos tódolos conceptos salariais e a parte proporcional das pagas extraordinarias).
6. Tarefas a realizar: as propias do persoal de atención á infancia.

TERCEIRA.- Condicións e requisitos dos aspirantes.

Os aspirantes a tomar parte na oposición deberán reunir, na data en que remate o prazo concedido para a presentación de solicitudes, os seguintes requisitos:

- a) Ser español, ou cidadán dalgún Estado membro da Unión Europea nos termos establecidos no artigo 57 do Real Decreto Lexislativo 5/2015 de 30 de outubro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do empregado, así como estranxeiros con residencia legal en España.
- b) Ter cumpridos os 16 anos de idade e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa
- c) Titulación:



Concello de Vilariño de Conso

- Para o persoal de atención á infancia:
 - a) Títulos universitarios:
 - Título de Grado en Educación Infantil.
 - Mestre/a especialista en educación infantil (diplomatura).
 - Diplomado en Profesorado de Educación Xeral Básica coa especialidade de Educación Infantil ou de Educación Preescolar (R.D. 1954/1994, do 30 de setembro, BOE 275 do 17/11/94).
 - Mestre en Educación Primaria coa especialidade de Educación Infantil ou Preescolar.
 - b) Títulos de Formación Profesional:
 - Técnico/a superior en educación infantil. Son equivalentes os seguintes títulos (segundo a D.A. 3ª do Real Decreto 1394/2007, de 29 de outubro, polo que se establece o título de Técnico Superior en Educación Infantil e se fixan as súas ensinanzas mínimas e o Decreto 226/2008, do 25 de setembro, DOG nº 198 do 13/10/08):
 - Técnico/a especialista en xardíns de infancia, rama de servizos á comunidade, da Lei 14/1970, do 4 de agosto, xeral de educación e financiamento da reforma educativa.
 - Técnico/a especialista educador infantil, rama de servizos á comunidade, da Lei 14/1970, do 4 de agosto, xeral de educación e financiamento da reforma educativa.
 - Técnico/a superior en educación infantil, establecido polo Real Decreto 2059/1995, do 22 de decembro, cuxo currículo para Galicia foi establecido polo Decreto 86/1999, do 11 de marzo.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberán posuír o documento que acredite fidedignamente a súa homologación.

- d) Ter coñecemento da lingua galega que se acreditará co certificado do curso de perfeccionamento ou Celga 4 ou superior, ou equivalente. No caso de non ter a documentación acreditativa esixida, deberase superar unha proba de coñecemento da lingua galega, que consistirá nunha tradución de texto de castelán a galego, que se realizará previamente á fase de oposición, coa valoración de apto ou non apto.
- e) Ter coñecementos en primeiros auxilios.
- f) Non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida o desempeño das correspondentes funcións.



Concello de Vilariño de Conso

- g) Non ter sido separado/a, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.
- h) Non estar incurso en causa vixente de incapacidade ou incompatibilidade.

Todos estes requisitos deberanse reunir con referencia ó último día do prazo de presentación de solicitudes.

CUARTA.- Proceso de selección.

A selección do candidato/a máis idóneo para a praza realizarase mediante o sistema de oposición, que consistira na superación de unha proba exame tipo test, cunha puntuación máxima de 10 puntos. Esta proba é obrigatoria e eliminatoria.

Consistirá en contestar 40 preguntas tipo test, debendo sinalar a resposta correcta entre as posibilidades que se lle propoñan. Cada dúas respostas incorrectas, descontarase unha resposta correcta.

As preguntas serán elixidas polo tribunal, seleccionadas de entre o contido do temario que a continuación se sinala.

Tempo para realizar lo exercicio: 60 minutos.

Puntuación do exercicio: de 0 a 10 puntos.

Puntuación mínima que se debe acadar: 5 puntos.

En caso de empate, terá preferencia aquel candidato con maior número de respostas correctas, de persistir o empate, aquel con menor número de respostas incorrectas, e de persistir o empate, resolveráse por sorteo.

TEMARIO DO PROGRAMA

PARTE XERAL

Tema 1: *A Constitución Española de 1978: Principios Xerais. Dereitos e deberes fundamentais.*

Tema 2: *O procedemento administrativo: iniciación, ordenación, instrución e terminación. Os recursos administrativos: concepto e clases.*

Tema 3: *O Estatuto de Autonomía de Galicia: Competencias da Comunidade Autónoma. A Xunta de Galicia e o seu Presidente.*

Tema 4: *O Parlamento de Galicia. A Administración pública da Comunidade Autónoma. O Consello da Xunta.*

Tema 5: *O municipio: organización e competencias.*

Tema 6: *Lei 13/2008, de decembro, de Servizos Sociais de Galicia.*



Concello de Vilariño de Conso

PARTE ESPECIFICA

Tema 1: O crecemento e desenvolvemento físico do neno de 0 a 3 anos. O desenvolvemento social e motor. O desenvolvemento cognitivo e lingüístico. O desenvolvemento emocional. Alteracións máis frecuentes do desenvolvemento.

Tema 2: A organización do espazo, os materiais e o tempo como recursos didácticos.

Tema 3: Alimentación e nutrición. Necesidades nutricionais desde o nacemento ata os 3 anos. Trastornos e dificultades da comida. O desenvolvemento de hábitos para a alimentación equilibrada.

Tema 4: Adquisición de hábitos de autonomía persoal. O control de esfínteres. Adquisición de hábitos de limpeza e hixiene.

Tema 5: O descanso. Necesidades e ritmos do sono.

Tema 6: As enfermidades máis frecuentes da infancia. Os accidentes infantís. A prevención dos accidentes infantís.

Tema 7: A importancia do xogo no desenvolvemento infantil. O xogo como recurso didáctico. A intervención do educador no xogo infantil.

Tema 8: O papel da familia na educación dos fillos. A familia elemento imprescindible no proceso educativo. Canles de comunicación do centro coa familia.

Tema 9: A educación infantil dos nenos con necesidades educativas especiais. A importancia da intervención temperá.

Tema 10: Metodoloxías específicas no primeiro ciclo de educación Infantil.

Tema 11: Programacións do primeiro ciclo de educación infantil para a consecución das capacidades xerais da etapa mediante a metodoloxía, obxectivos e contidos das áreas no currículo. Adaptacións curriculares.

QUINTA.- Forma e prazo da presentación de solicitudes.

1. As solicitudes para participar no presente procedemento de selección formalizaranse no modelo de instancia que se xunta a estas bases e dirixiranse a Sra. Alcaldesa, presentándose no Rexistro Xeral do Concello de Vilariño de Conso en horario de 8:30 a 14:30 horas de luns a venres, ou polas outras formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de Outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, durante o prazo de **5 días hábiles**, contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Ourense. As solicitudes que se presenten a través da oficina de correos deberán entregarse en sobre aberto para seren seladas e datadas antes de seren certificadas. A documentación a incluír será a mesma que si se presentase a solicitude no Rexistro



Concello de Vilariño de Conso

Xeral do Concello. **En tódolos casos en que se optase pola presentación da solicitude nun rexistro diferente ao do Concello de Vilariño de Conso deberá enviarse vía fax ao concello copia do rexistro no que se presentou, no que conste a data de presentación. Dito fax a remitir ao concello deberá enviarse antes da finalización do prazo de presentación das solicitudes (fax: 988-340269).**

2. O referido prazo computarase a partir do seguinte ó da publicación do anuncio da convocatoria no BOP, achegándose a seguinte documentación:
 - a) Anexo I (Instancia)
 - b) Anexo II (Declaración xurada)
 - c) Copia compulsada do DNI ou documento que proceda no caso dos estranxeiros.
 - d) Copia compulsada do título académico esixido.
 - e) Copia compulsada de certificado de curso en primeiros auxilios, ou documentación acreditativa da superación da materia de primeiros auxilios.
 - f) Copia compulsada do certificado do curso de perfeccionamento, Celga 4 ou equivalente, ou superior.
3. Coa presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo entenderase que os interesados aceptan e acatan todas e cada unha das bases desta convocatoria.

SEXTA.- Admisión de aspirantes

1. Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a alcaldía ditará resolución, aprobando a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as, que se publicará no taboleiro de anuncios do concello e web municipal www.vilarinodeconso.es. Nesta lista indicárase nome, apelidos, DNI e causa de exclusión, no seu caso.
2. Os aspirantes excluídos, así como os omitidos na relación de admitidos e excluídos, disporán do prazo de dous días hábiles, contados a partir do día seguinte ó da publicación da resolución no taboleiro de anuncios do concello, para subsanar os defectos que motivasen a súa exclusión ou a súa omisión da relación de admitidos e excluídos. Os aspirantes que dentro do prazo sinalado non subsanasen a exclusión ou non alegasen a omisión, xustificando o seu dereito a ser incluídos na relación de admitidos, serán considerados definitivamente excluídos. En caso de



Concello de Vilariño de Conso

presentarse reclamacións, estas serán aceptadas ou rexeitadas na mesma resolución pola que se aprobe a lista definitiva, que se fará pública do mesmo xeito. Por resolución de alcaldía determinarase o lugar, data e hora de realización das probas correspondentes, así como a composición do órgano de selección.

3. Se non existen candidatos excluídos, a alcaldía elevará a definitiva a lista provisional na mesma resolución de aprobación.
4. Contra a resolución a que se refire o punto 1, así como aquelas outras que resolvan a subsanación de defectos ou omisión de inclusión a que se refire o punto 2 poderán interpoñerse os recursos a que teñan lugar en dereito.

SÉPTIMA.- Tribunal de selección.

1. Os efectos de realizar as probas e/ou valoracións correspondentes, reunirase unha comisión ou tribunal de valoración, que será colexiado e constará como mínimo, de Presidente, dous vogais e secretario, que serán designados por Resolución de Alcaldía de acordo co disposto no artigo 60 do RD- Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do empregado público.

Todos os membros do tribunal deberán contar con titulación académica ou especialización profesional igual ou superior á esixida para o acceso ás prazas.

O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia, cando menos de tres dos seus membros, titulares ou suplentes indistintamente. O/A secretario/a do tribunal actuará con voz pero sen voto. As decisións adoptaránse por maioría de votos dos membros presentes, resolvendo en caso de empate o voto de calidade do Presidente.

O tribunal é o órgano facultado para resolver todas as cuestións que se presenten e para adoptar as medidas que sexan necesarias para o mellor desenvolvemento do proceso selectivo e non regulado nestas bases. Tamén poderá dispoñer a incorporación ós seus traballos de asesores especialistas con voz e sen voto.

Os membros do tribunal deberán absterse de formar parte do mesmo e de intervir, notificándoo á autoridade convocante, e poderán ser recusados, cando concorra algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, Reguladora do Réxime Xurídico do Sector Público.

Os membros do tribunal terán dereito ao abono de asistencias, de



Concello de Vilariño de Conso

conformidade co previsto no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón de servizo.

2. Unha vez realizadas as probas do proceso selectivo indicadas nas presentes bases, e determinada a puntuación final do proceso, o tribunal formará a relación de aprobados pola orde de puntuación obtida, non podendo rebasar a proposta de contratación o número de prazas convocadas, e farase pública no taboleiro de anuncios do concello e web municipal.
3. De acordo coa relación, elevarase á alcaldía, ademais da acta da sesión, a proposta de nomeamento do/a aspirante aprobado/a.
4. Para efectuar esta proposta, o tribunal poderá pedir os informes e asesoramentos técnicos que teña por convenientes. O tribunal está facultado para interpretar e resolver as cuestións que poidan suscitarse na aplicación das bases e das normas de procedemento, inspirándose a súa actuación no principio de economía, celeridade e eficacia.
5. Os restantes candidatos, pola orde de puntuación obtida, poderán ser contratados no caso de que os seleccionados cesen no seu posto antes do remate do contrato e polo tempo que reste para o cumprimento do mesmo.

OCTAVA.- Presentación da documentación

1. O/A aspirante seleccionado/a deberá presentar na Secretaría-Intervención do concello, no prazo de dez días hábiles contados a partir do seguinte ó da publicación da lista de aprobados no taboleiro de anuncios do concello, a seguinte documentación, no caso de que non fose xa presentada coa solicitude para tomar parte neste proceso selectivo:
 - a) Declaración xurada de cumprir cos requisitos necesarios para contratar coa Administración Pública, así como de non estar incurso en ningunha causa de incapacidade ou incompatibilidade previstas na lexislación vixente (anexo II).
 - b) Certificado médico oficial de non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o desempeño das correspondentes funcións.
 - c) **Carné/título de manipulador de alimentos vixente.**
 - d) **Certificado de antecedentes de índole sexual.**



Concello de Vilariño de Conso

2. A non presentación dentro do prazo indicado da documentación relacionada, agás nos casos de forza maior, ou cando da presentación dos documentos se desprenda o non cumprimento dos requisitos da convocatoria ou supostos de falsidade na solicitude presentada para tomar parte no proceso selectivo, dará lugar á invalidez das actuacións do aspirante e, xa que logo, a nulidade dos actos da comisión avaliadora en relación co aspirante e a imposibilidade de efectuar o seu nomeamento, sen prexuízo da esixencia das responsabilidades nas que puidese incurrir. Neste caso, o tribunal propondrá o nomeamento en favor do aspirante seguinte en puntuación obtida.

NOVENA.- Nomeamento e formalización do contrato

1. Presentada a documentación polos interesados, e sendo a mesma conforme, o alcalde procederá ó nomeamento do/a aspirante seleccionado/a, e procederá á formalización do contrato laboral correspondente.
2. Establécese un período de proba, conforme ó art. 14 do Estatuto dos traballadores. Transcorrido este período, se a persoa de que se trate o superase satisfactoriamente, adquirirá plena eficacia o contrato suscrito.
3. Mentres non se formalice o contrato e non se incorpore ó posto de traballo, o aspirante non terá dereito á percepción económica de ningunha clase.
4. Quen sen causa xustificada non concorrese a formalizar o contrato na data sinalada, perderá tódolos dereitos derivados da superación das probas selectivas.

DÉCIMA.- Formación de bolsa de traballo

1. Confeccionarase unha bolsa de traballo coa relación dos aspirantes admitidos no procedemento selectivo (excluídos o seleccionado) e pola orde decrecente de puntuación obtida no mesmo, co obxecto de cubrir posibles vacantes que se produzan ou as ausencias por disfrute de licenzas regulamentarias, necesidade do servizo, etc., ou as baixas ou renuncias dos seleccionados.
2. A orde de chamamento dos aspirantes será pola orde de puntuación obtida e terá carácter rotatorio.
3. Os chamamentos faranse polo medio máis urxente que permita ter a constancia da súa recepción. Nos supostos nos que a necesidade de cobertura dun posto non fose previsible coa



Concello de Vilariño de Conso

antelación suficiente ou polas circunstancias concorrentes no proceso de chamamentos debidamente acreditadas, fose necesario a súa cobertura de xeito urxente para evitar graves prexuízos no funcionamento e/ou prestación do servizo público, o chamamento poderá realizarse telefonicamente. Neste suposto, o funcionario que as realice fará constar mediante dilixencia a súa realización, e se tiveron ou non resposta.

4. Os integrantes da bolsa de traballo que, sendo convocados para facer efectiva a contratación ou segundo o disposto anteriormente non se presentasen ou renunciasen a esta sen xustificación suficiente, perderán os seus dereitos, quedando excluídos da lista. A mesma consecuencia terá a renuncia á continuidade no desempeño dun posto de traballo.
5. Contratación dos integrantes da bolsa de traballo:
 - Poderá empregarse a lista para realizar contratacións temporais para o desempeño de postos de traballo vacantes ou non vacantes no devandito servizo.
 - Unha vez que compareza o aspirante chamado segundo a orde da bolsa de traballo, o alcalde procederá á súa contratación para o posto de traballo correspondente.
 - O cesamento producirase por resolución da Alcaldía cando aconteza algunha das causas recollidas no artigo 10.3 do Estatuto básico do empregado público.

UNDÉCIMA.- NORMAS FINAIS

1. Para o non previsto nestas bases será de aplicación a Lei 7/1985, do 2 de abril; Lei 5/1997, do 22 de xullo; RD-lexislativo 2/2015, do 23 de outubro e demais normas que sexan de aplicación.
2. Agás a convocatoria, que se publicará segundo se establece na base quinta, os sucesivos actos e comunicacións que se deriven da celebración deste proceso selectivo faranse públicos exclusivamente a través do taboleiro de anuncios do concello e web municipal www.vilarinodeconso.es
3. Tódolos actos administrativos derivados desta convocatoria, así como da actuación da comisión de avaliación, poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma establecidos pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e normas vixentes concordantes. A presentación de reclamacións non



Concello de Vilariño de Conso

suspenderá a continuación do proceso selectivo, salvo que así o decida o órgano convocante.

4. Contra as presentes bases e a resolución que as aproba, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado contencioso-administrativo de Ourense, ou o que corresponda ó seu domicilio, no prazo de dous meses (contado desde o día seguinte ó da publicación da convocatoria). Con carácter potestativo e previo, poderá interpor recurso de reposición perante o mesmo órgano que adoptou o acordo de aprobación, no prazo dun mes (contado desde ao día seguinte ó da publicación da convocatoria). Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto. Todo iso sen prexuízo do que poida exercitar calquera outro que considere procedente.

ANEXO I: Modelo de instancia

D./Dona.....,
con DNI domicilio
en.....
....., e teléfono nº, EXPOÑO:

Concello de Vilariño de Conso



Concello de Vilariño de Conso

1. Que tiver coñecemento da convocatoria feita polo Concello de Vilariño de Conso para cubrir, con carácter temporal, mediante oposición, o seguinte posto de traballo para o PAI do concello:
Persoal de atención á infancia.
2. Que reúno os requisitos previstos nas bases da convocatoria, que declaro coñecer.
3. Que achego coa presente instancia a seguinte documentación:
Copia compulsada do DNI ou documento que proceda no caso dos estranxeiros.
Copia compulsada do título académico esixido.
Copia compulsada de certificado de curso en primeiros auxilios, ou documentación acreditativa da superación da materia de primeiros auxilios en calquera das titulacións esixidas para o posto.
Copia compulsada do certificado de perfeccionamento ou Celga 4, ou equivalente ou superior.

Por todo o exposto, SOLICITO que se teña por presentada a presente instancia xunto cos documentos que a acompañan e sexa admitido no proceso selectivo convocado ó que me someto, aceptando integramente as bases reguladoras do mesmo.

En Vilariño de Conso, ade.....de 2017.

(Asinado polo/a interesado/a)

**SRA. ALCALDESA DO CONCELLO DE VILARIÑO DE CONSO
(OURENSE)**

ANEXO II: Modelo de declaración xurada

Concello de Vilariño de Conso

Rua Do Museo, 3, Vilariño de Conso. 32557 (Ourense). Tfno. 988 340 302. Fax: 988340269



Concello de Vilariño de Conso

D./Dña....., con
DNI e domicilio
en

....., declaro que reúno os requisitos necesarios para contratar coas administracións públicas, que non estou incurso/a en ningunha causa de incapacidade ou incompatibilidade das previstas na lexislación vixente, que non fun separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, e que non me atopo en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ó corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fora separado ou inhabilitado.

E para que conste e produza os efectos oportunos no expediente de selección de persoal para o PAI do Concello de Vilariño de Conso, asino a presente declaración, baixo a miña responsabilidade, en Vilariño de Conso, ade.....de 2017.

(Asinado polo/a interesado/a)

**SRA. ALCALDESA DO CONCELLO DE VILARIÑO DE CONSO
(OURENSE)**

En Vilariño de Conso, a 21 de agosto de 2017
A alcaldesa

D^a. Melisa Macía Domínguez
(Documento asinado electronicamente á marxe).

Concello de Vilariño de Conso

Rua Do Museo, 3, Vilariño de Conso. 32557 (Ourense). Tfno. 988 340 302. Fax: 988340269



Concello de Vilariño de Conso

Concello de Vilariño de Conso

Rua Do Museo, 3, Vilariño de Conso. 32557 (Ourense). Tfno. 988 340 302. Fax: 988340269